

**Tempo de compromiso  
con Galiza**

**O 29 de setembro MÓVETE  
e defende os teus dereitos**



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

# O 29 de setembro, móvete e defende os teus dereitos

## Razóns para secundar masivamente a folga

---

Hai motivos máis que de abondo para participar masivamente na folga xeral convocada polo sindicalismo nacionalista o próximo 29 de Setembro.

Non pode ser que unha crise provocada polo capital financeiro e polos especuladores a vaian pagar, cun retroceso nos seus dereitos laborais, as traballadoras e os traballadores.

**Non pode ser que os causantes da crise** -que foron salvados da quebra co diñeiro das e dos contribuíntes- **non asuman a súa responsabilidade e, en troca, a factura se lle pase agora ás traballadoras e aos traballadores**, en forma de abaratamento do seu despedimento ou do retraso na idade da súa xubilación.

A crise ten coma orixe a enorme influencia da ideoloxía neoliberal e dos intereses da grande banca sobre a acción dos gobernos. O Estado español non é en absoluto unha excepción e o **Goberno PSOE -co apoio do PP- está a aplicar basicamente as receitas que lle son impostas polo Fondo Monetario Internacional, pola Comisión Europea e pola CEOE**, organismos todos eles controlados pola dereita política e económica.

**Para o gran capital, a crise é unha excelente oportunidade para incrementar os seus beneficios** a custa dos intereses das maiorías sociais (asalariados, autónomos, pequena e mediana empresa). Por iso promoven planos de axuste antisociais, contrarreformas laborais, privatizacións e pensionazos. Infelizmente, os gobernos actúan ao seu servizo.

## A reforma que precisamos non é a laboral: é a do sistema financeiro

---

O principal problema da economía no Estado español e na Galiza non radica no mercado laboral -un dos máis flexíbeis da UE, como proba o feito de que o axuste se faga aquí pola vía do incremento exponencial do paro-, senón nun sistema financeiro que continúa destinando os seus recursos a especular e non a financiar a economía produtiva.

O problema está no colapso da actividade económica, na contracción da demanda e especialmente nas dificultades que teñen as pequenas e medianas empresas para accederen ao crédito. Non é que non haxa liquidez: o que acontece é que a banca non inviste na economía real -na que cría postos de traballo- senón na especulación bursátil e no negocio da débeda pública.



Necesitamos, por tanto, a reforma do sistema financeiro.

**Necesitamos unha banca pública** que cumpra a función que a banca privada non quer cumprir. **E necesitamos que a caixa galega resultante da fusión non sexa privatizada -como pretenden PP e PSOE-** e actúe en función dos intereses dos particulares e das pequenas e medianas empresas galegas.

## **Canto máis masiva sexa a folga, máis útil será para a clase traballadora**

---

A propaganda de PSOE e PP insiste nunha idea fixa: o que menos necesita o País é unha folga. Pero en realidade o que menos necesita o País é continuar afondando en políticas que foron precisamente as que trouxeron esta crise. O que necesita Galiza é apostar por políticas distintas, por unha política alternativa, xusto a que defende o nacionalismo.

**Canto máis masiva e participativa sexa a folga, máis útil será para as traballadoras e traballadores.**

Canto máis masiva sexa, maior terá que ser a corrección que introduzan nas súas políticas os gobernos central e galego.

Folgas anteriores si teñen obrigado aos gobernos a corrixiren os seus planos antisociais, así que por suposto que mobilizarse é útil para a xente traballadora.

En definitiva, **os dereitos non se regalan, os dereitos conquístanse**, así que o 29 de Setembro todas e todos debemos movernos en defensa dos dereitos sociais e por unha saída xusta á crise.

## **Galiza, principal pagana da crise**

---

Os salarios e as pensións son en Galiza máis baixos que no Estado. Arrastramos ademais un enorme déficit en infraestruturas e obras públicas -en Galiza o Estado sempre inviste menos, haxa bonanza ou haxa crise. Por iso para nós o axuste decretado polo Goberno PSOE, coa complicitade do PP, é especialmente duro.

Suportamos ademais un goberno, o goberno do PP presidido por Feijóo, que ten demostrado a súa completa inutilidade para facer frente á crise.

Desde que Feijóo é presidente, o desemprego incrementouse en Galiza nun 23,3 por cento. Dito doutro xeito, **37.900 persoas que tiñan traballo o perderon desde que o PP goberna o noso País.**

**É por isto que o 29 de Setembro a resposta galega ten que ser especialmente contundente.**

Acude ás  
**MANIFESTACIÓNS**  
convocadas polo  
sindicalismo nacionalista

Cos dereitos laborais e sociais.  
En defensa da economía produtiva e  
frente á especulación

**bng** 

bloque nacionalista galego

Hai alternativa !

